

CICLOTURISMO 2008

Podemos cualificar a tempada cicloturista 2008 coma a da diversificación, xa que pouco a pouco fomos evolucionando desde a práctica case exclusiva de cicloturismo BTT, a outras actividades relacionadas e complementarias.

Temos por unha banda, que da teimuda insistencia de Julio Brandariz, algúns retomaron e outros comenzamos a practicar tamén cicloturismo de estrada, con outras esixencias físicas, de material e de tempo, pero tamén gratificante.

Outros compañeiros optaron por probar a dureza da competición e así Manu Segade, David Gestal e Manolo Eiroa participaron en diversas probas de BTT e Ciclocross por toda Galicia e comunidades limítrofes.

E tamén con moita ledicia vemos que cada vez están integrándose máis mulleres no noso grupo. Animadas pola experiencia da pioneira Susana, Karina, María e Rocío xa rodan habitualmente entre nós sen complexos de ningún tipo.

Pero non por isto deixamos de facer o de sempre, porque tódolos domingos do ano houbo saídas ó monte, participamos en numerosas marchas cicloturistas de BTT e estrada, fixemos saídas puntuais a coñecer outras rutas, eventos e paisaxes, organizamos o 4º Roteiro BTT Terra das Mariñas, colaboramos na marcha cicloturista de Arteixo, axudamos nos eventos competitivos organizados polo Club, colaboramos na cabalgata de Reis do concello e organizamos ademáis das xuntanzas deportivo-cultural-gastronómicas dos xoves, varias ceas de confraternidade coa participación das nosas familias.

Resumindo, que foi un ano de moita actividade que puxo a proba por unha banda o noso carácter integrador á procura de que ninguén abandonase o grupo e por outra a supervivencia do noso lema fundacional que non é outro que divertirnos practicando o deporte do ciclismo.

Cara ó 2009, a nosa idea é superar a cantidade e calidade das nosas actividades, na procura de fuxir da monotonía que todo o destrúe, polo que xa temos en carteira as seguintes posibilidades adicionais:

- Incorporar algún cicloturista máis á actividade competitiva.
- Organizar unha marcha cicloturista de estrada propia.
- Facer unha xuntanza cicloturista de estrada entre o CCCambre e varios clubs ciclistas da Mariña Laguesa.
- Facer unha primeira incursión no mundo das sombras, organizando unha subida nocturna BTT ó mote Xalo.
- Facer algún tramo do Camiño de Santiago, que se nos quedou no tinteiro no 2008.

Todo isto non é pouco pero abofé que loitaremos por levalo a cabo.

CICLOTURISTAS 2008

COORDINADOR

José Ramón Lestegás Alonso

CICLISTAS

José Antonio Abuín Treus

Vicente Amado González

Manuel Alvarez Muiño

Julio Brandariz Seoane

Avelino Cerqueiro Ares

Fernando Docal Fachal

Manuel Eiroa Freire

José Ramón Fernández López

Susana García Gómez

Jesús Fermín García Vázquez

David Gestal Bello

Daniel Gómez Vaamonde

Alfredo Iglesias Barbeito

José Ramón Lestegás Alonso

Jesús López Paleo

Alberto Méndez Rodríguez

José Manuel Mosquera Paz

Eduardo Mosquera Paz

Rafael Mouriño García

Xosé Fernando Novás Varela

Oscar Temprano García

Arturo Varela Cortés

Javier Vereá Castelo

Remigio Rioboo Gutierrez

Manuel Segade Montero

ACTIVIDADES CICLOTURISTAS TEMPADA 2008

MARCHAS CICLOTURISTAS BTT

- Marcha das Rosquillas en Pontearreas, 27 de Xaneiro
 - 3º Roteiro BTT Montañas de Burela, 3 de Febreiro
 - Pedalada Artabra CCRiazor, 10 de Febreiro
 - 1ª Ruta BTT BISPO SANTO en Foz, 17 de Febreiro
 - Cicloturista BTT Peña Lar en Viveiro, 1 de Marzo
 - Marcha Cicloturista BTT de Carballo, 21 de Xunio
- Matatón BTT MONTEPLARIA no Bierzo, 22 de Xunio
 - Marcha Cicloturista BTT de Betanzos, 16 de Agosto
 - Marcha BTT Concello de Vimianzo, 30 de Agosto
 - Marcha BTT de Arteixo, 12 de Outubro
- 4º ROTEIRO BTT TERRA DAS MARIÑAS, 26 de Outubro

SAIDAS PROGRAMADAS

- Ruta de estrada polo Bierzo – Ancares, 22 de Marzo
- Subida ó Angliru coincidindo coa etapa da Vuelta Ciclista a España, 13 de Setembro

SAIDAS FIXAS

- Tódolos domingos saída BTT polos montes da comarca

ORGANIZACIÓN DE EVENTOS

- 4º ROTEIRO BTT TERRA DAS MARIÑAS

OUTRAS ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN

- Cabalgata de Reis, 5 de Xaneiro
- Gran Premio Concello de Cambre de Rallye Open, 26 de Xullo
- 9º Gran Premio Concello de Cambre de escolas e Cadetes, 3 de Agosto
 - Open miniBTT Concello de Cambre, 7 de Setembro
 - Marcha BTT Concello de Arteixo, 12 de Outubro
- Circuito Deputación da Coruña de Cyclo-cross Trofeo Concello de Cambre, 8 de Novembro
- II GP Concello de Culleredo Ciclocros – Copa de España, 22 de Novembro

